



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Presentación

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) da Universidade de Vigo no Campus universitario de Ourense oferta as titulacións da Universidade de Vigo tanto a nivel grao como a nivel máster que estean relacionadas coa enxeñaría aeroespacial ou aeronáutica.

Máis información relativa ao Centro e as súas titulacións atópase neste documento ou na páxina web (<http://aero.uvigo.es>).

Enderezo

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Pavillón Manuel Martínez-Risco
Campus universitario
32004 Ourense

Tel.: +34 988 368 823

Web: <http://aero.uvigo.es>

Normativa e lexislación

Atópase a información dispoñible na páxina web do Centro (<http://aero.uvigo.es> no apartado Escola -> Normativa).

Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
007M174V01101	Fundamentos de sistemas aéreos non tripulados	1c	6
007M174V01102	Operacións de sistemas aéreos non tripulados	1c	6
007M174V01103	Sistemas de comunicacións e navegación por radio	1c	6
007M174V01104	Sensores embarcados	1c	6
007M174V01105	Sistemas de control	2c	6
007M174V01201	Cargas útiles baseadas en sensores pasivos	2c	6
007M174V01202	Cargas útiles baseadas en sensores activos	2c	6

O07M174V01205	Prácticas externas	2c	15
O07M174V01206	Trabajo Fin de Máster	2c	9

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fundamentos de sistemas aéreos non tripulados**

Materia	Fundamentos de sistemas aéreos non tripulados			
Código	O07M174V01101			
Titulación	Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados			
Descritores	Creditos ECTS 6	Carácter OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua impartición	#EnglishFriendly Castelán			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	Orgeira Crespo, Pedro			
Profesorado	Orgeira Crespo, Pedro			
Correo-e	porgeira@uvigo.es			
Web	http://aero.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia pretende mostrar os elementos básicos que conforman un sistema aéreo non tripulado, así como a descrición dos seus principios de funcionamento. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Posuir e comprender os coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e aplicación de ideas, a menudo nun contexto de investigación	• saber
CB2	Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos e pouco coñecidos dentro de contextos mais amplos (ou multidisciplinares) relacionados ca súa área de estudo	• saber
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse a complexidade de formular xuízos a partir dunha información, que sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas a aplicación dos seus coñecementos e xuízos	• saber
CG1	Que os estudantes adquiran coñecementos xerais en enxeñaría de sistemas aéreos non tripulados	• saber
CG3	Que os estudantes adquiran as capacidades para analizar as necesidades dunha empresa no ámbito dos sistemas aéreos non tripulados e determinar a mellor solución tecnolóxica para a mesma	• saber
CG4	Que os estudantes adquiran o coñecemento para desenvolver sistemas aéreos non tripulados ou planificar operacións específicas, dependendo das necesidades existentes e aplicar as ferramentas tecnolóxicas existentes	• saber
CG5	Que os estudantes coñezan e sexan capaces de aplicar os principios e metodoloxías de investigación como son as búsquedas bibliográficas, a toma de datos e análise e interpretación dos mesmos, así como a presentación de conclusións, de forma clara, concisa e rigurosa	• saber
CE1	Coñecemento sobre os principais sistemas, dos instrumentos de abordo e da estación de control dunha aeronave non tripulada, así como a súa influencia na seguridade	• saber
CT2	Capacidade para comunicarse por oral e por escrito en lingua galega	• saber
CT8	Capacidade de análise e síntese	• saber
CT9	Capacidade de razoamento crítico e creatividade	• saber

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Entender o funcionamento dun perfil de voo, o performance básico das aeronaves e superficies de control.	CB1 CB2 CB3 CG1 CG3 CG4 CG5 CE1 CT2 CT8 CT9

Aprender cales son os principais sistemas de enerxía, propulsión e estruturas empregadas en aeronaves non tripuladas.	CB1 CB2 CB3 CG1 CG3 CG4 CG5 CE1 CT2 CT8 CT9
Coñecer as principais cargas útiles.	CB1 CB2 CB3 CG1 CG3 CG4 CG5 CE1 CT2 CT8 CT9

Contidos	
Tema	
Introdución	Aproximación histórica aos sistemas aéreos non tripulados. Clasificación das aeronaves e os seus sistemas de propulsión. Infraestruturas terrestres. Xestión de tráfico aéreo. Normativa legal.
Aeronaves non tripuladas.	Principios de voo. Performance de aeronaves. Descrición xeral de aeronaves de á fixa. Controis de voo. Estrutura. Principais instrumentos e sistemas embarcados. Descrición xeral de helicópteros. Controis de voo. Principais instrumentos e sistemas embarcados. Multicópteros.
Principais conceptos de mecánica de fluídos.	Compresibilidade. Viscosidade. Capa límite e turbulencia. Número de Reynolds. Número de Mach. Ecuación de Bernoulli. Atmosfera estándar internacional.
Principios básicos de aerodinámica	Perfís aerodinámicos en réxime incompresible. Placa plana, cilindro. Ás en réxime incompresible Condición de Kutta. Á longa de Prandtl.
Introdución á propulsión de aeronaves.	Hélices: teoría de Froude; teoría do elemento de pa. Adaptación de hélices. Aero reactores. Empuxe, impulso específico e control de empuxe en propulsión eléctrica.
Mecánica de voo.	Ecuacións básicas do movemento. Voo de cruceiro, ascenso, descenso e planeo. Viraxes. Efecto vento. Actuadores. Estabilidade e control.
Sistemas de navegación.	Introdución á aviónica. Sensores e sistemas de navegación. Navegación inercial. Navegación integrada. Filtros de Kalman. Sistema de posicionamento GPS.
Control de motores brushless e servos.	Obtención da información. Cálculo e tratamento dos sinais de control PID. Envío do sinal de control.
Principais cargas de pago.	Cámaras dixitais. Sistemas LIDAR. Sistemas RADAR.

Outras cargas de pago.

Sistemas de dispersión de líquidos.
Sensores ambientais.
Transporte de mercadorías lixeiras.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	0	10
Prácticas autónomas a través de TIC	22	22	44
Traballo tutelado	7	63	70
Informe de prácticas	0	10	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	13	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentaranse os contidos utilizando medios audiovisuais. Os contidos subiranse á plataforma de teledocencia.
Prácticas autónomas a través de TIC	Realizaranse prácticas utilizando o laboratorio e computadores nas que os alumnos terán que analizar diferentes casuísticas relativas á materia.
Traballo tutelado	Realizaranse traballos aplicados nos que os alumnos terán que analizar diferentes casuísticas relativas á materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tutorías presenciais e atención por correo electrónico.
Prácticas autónomas a través de TIC	Tutorías presenciais e atención por correo electrónico.
Traballo tutelado	Tutorías presenciais e atención por correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas autónomas a través de TIC		50	CB1 CB2 CB3 CG1 CG3 CG4 CG5 CE1 CT2 CT8 CT9
Traballo tutelado		50	CB1 CB2 CB3 CG1 CG3 CG4 CG5 CE1 CT2 CT8 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos para aprobar deben entregar todos os informes de prácticas e problemas. Todos deben alcanzar de forma

individual unha nota mínima dun 5.

Na avaliación de Xullo os alumnos deben entregar todos aqueles informes de prácticas e problemas que non alcanzasen de forma individual unha nota mínima dun 5.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Jeffrey D. Barton, Fundamentals of small unmanned aircraft flight, http://www.jhuapl.edu/techdigest/TD/td3102/31_02-Barton.pdf

Aviation Civil Aviation Organization, Unmanned aircraft systems, https://www.icao.int/Meetings/UAS/Documents/Circular%20328_en.pdf

Mouhamed Abdulla, Jaroslav V. Svoboda, Luis Rodrigues, Avionics made simple, http://www.drmoie.org/research/avionics_made_simple.pdf

Bon Dewitt, Unmanned aerial systems for mapping,

https://c.ymcdn.com/sites/www.fsms.org/resource/resmgr/2016/61st_annual_conference/education/PDFs/Unmanned_Aerial_Systems.pdf

Sergio Esteban Ronceso, Fundamentos de Ingeniería Aeroespacial, http://aero.us.es/iaa/index_IIA.html

John Anderson, Fundamentos de aerodinámica, 6, McGraw Hill, 2017,

Miguel Ángel Gómez Tierno, Mecánica de vuelo, 2, Garceta, 2012,

Antonio Esteban Oñate, Conocimientos del avión, 1, Paraninfo, 2007,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Sistemas de comunicacións e navegación por radio/O07M174V01103

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Operacións de sistemas aéreos non tripulados/O07M174V01102

DATOS IDENTIFICATIVOS**Operacións de sistemas aéreos non tripulados**

Materia	Operacións de sistemas aéreos non tripulados			
Código	O07M174V01102			
Titulación	Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados			
Descritores	Creditos ECTS 6	Carácter OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	González Jorge, Higinio			
Profesorado	González Jorge, Higinio			
Correo-e	higiniog@uvigo.es			
Web	http://aero.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia impartida por USC. Mais información en: http://www.usc.es/gl/centros/eps/materia.html?materia=136894			
	Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias

Código	Tipoloxía
--------	-----------

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Contidos

Tema

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
--	---------------	--------------------	--------------

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Atención personalizada**Avaliación**

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación**Bibliografía. Fontes de información****Bibliografía Básica****Bibliografía Complementaria****Recomendacións**

DATOS IDENTIFICATIVOS**Sistemas de comunicacións e navegación por radio**

Materia	Sistemas de comunicacións e navegación por radio			
Código	O07M174V01103			
Titulación	Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Arias Acuña, Alberto Marcos			
Profesorado	Arias Acuña, Alberto Marcos González Valdés, Borja Pino García, Antonio			
Correo-e	marcos@com.uvigo.es			
Web	http://aero.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia na que se estudian os aspectos máis importantes relativos as comunicacións con vehículos non tripulados, incluíndo as antenas, a propagación de ondas e os sistemas de radionavegación. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse a complexidade de formular xuízos a partir dunha información, que sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas a aplicación dos seus coñecementos e xuízos	• saber
CB4	Que os estudantes sepan comunicar as súas conclusións - e os coñecementos e razóns últimas que os sustentan - a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sin ambigüidades	• saber
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que habrá de ser en gran medida autodirixido e autónomo	• saber
CG3	Que os estudantes adquiren as capacidades para analizar as necesidades dunha empresa no ámbito dos sistemas aéreos non tripulados e determinar a mellor solución tecnolóxica para a mesma	• saber
CG4	Que os estudantes adquiren o coñecemento para desenvolver sistemas aéreos non tripulados ou planificar operacións específicas, dependendo das necesidades existentes e aplicar as ferramentas tecnolóxicas existentes	• saber
CG5	Que os estudantes coñezan e sexan capaces de aplicar os principios e metodoloxías de investigación como son as búsquedas bibliográficas, a toma de datos e análise e interpretación dos mesmos, así como a presentación de conclusións, de forma clara, concisa e rigurosa	• saber
CE2	Coñecemento dos principios xeomáticos, fotogramétricos e cartográficos, de navegación, aerotriangulación, interpretación e tratamento dixital de imaxes, así como das boas prácticas existentes na operación de sistemas aéreos non tripulados e sepan aplicar a normativa en vigor	• saber
CT6	Capacidade de traballo en equipo	• saber
CT7	Capacidade de organización e planificación	• saber
CT8	Capacidade de análise e síntese	• saber
CT9	Capacidade de razoamento crítico e creatividade	• saber

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer os sistemas clásicos de comunicacións e navegación	CB3 CG4 CT8
Comprender o funcionamento de antenas e o balance do enlace radio.	CB5 CG5 CT9
Coñecer os sistemas de navegación do tipo NDB, VOR/DME e ILS	CG3 CG4 CE2 CT7

Entender o funcionamento dun sistema de posicionamento GNSS

CB4
CG3
CE2
CT6

Aprender as características dos sistemas de vixilancia automáticos baseados en ADS-B e ADS-C

CB5
CG4
CT6

Contidos

Tema

Sistemas clásicos de comunicacións e navegación
Sistemas clásicos de navegación

Antenas e balance de enlace radio
Antenas
Balance de enlace radio

Sistemas de navegación
NDB
VOR/DME
ILS

Sistemas de posicionamento GNSS
GPS, GLONAS, GALILEO, BEIDU. Posicionamento diferencial, RTK.
Segmento usuarios, espacio e control.
Sistemas de aumentación SBAS e EGNOS

Sistemas de vixilancia automáticos
ADS-B
ADS-C

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	0	10
Prácticas en aulas informáticas	14	14	28
Traballo tutelado	7	63	70
Estudo de casos	14	14	28
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6
Informe de prácticas	1	7	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia; inclúe exposición de conceptos; introdución de prácticas e exercicios. Con esta metodoloxía traballarase as competencias CE2, CB3, CB5, CT8 e CT9
Prácticas en aulas informáticas	Aplicación, a nivel práctico, dos coñecementos e habilidades adquiridos na lección maxistral, mediante prácticas realizadas con equipamento de test e computadores. Con esta metodoloxía traballarase as competencias CE2, CB3 e CG4
Traballo tutelado	Traballo do alumno sobre un tema concreto e tutelado polo profesor. Exposición final do traballo realizado. Con esta metodoloxía traballarase as competencias CB4, CG4, CG5, CT7 e CT8
Estudo de casos	Docencia en formato seminario, na que o alumno participa moi activamente na evolución das clases profundando nun tema específico. Con esta metodoloxía traballarase as competencias CG3 e CT6

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Nesta metodoloxía, aténdese e responde a todas as preguntas que poida facer cada alumna/o.
Prácticas en aulas informáticas	Aténdese a cada alumno de maneira individualizada.
Estudo de casos	Aténdese a cada alumno de maneira individualizada.
Traballo tutelado	Aténdese a cada alumno de maneira individualizada.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	Examen final: consiste nunha proba para a avaliación das competencias adquiridas polos estudantes mediante a resolución de problemas sinxelos e preguntas cortas de teoría.	60	CB3 CB5 CG3 CG4 CG5 CE2 CT7 CT8 CT9
Informe de prácticas	Participación en actividades por parte dos alumnos, especialmente das prácticas, entregando unha memoria final das mesmas. Este apartado corresponde á avaliación continua do alumno.	40	CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CE2 CT6

Outros comentarios sobre a Avaliación

O exame final, representará o 60% para os alumnos que opten por avaliación continua e o 100% da nota final en caso de non optar pola avaliación continua.

En caso de detección de plaxio nalgún dos traballos/probas realizadas, a cualificación final da materia será de "suspenso (0)" e os profesores comunicarán á dirección da escola o asunto para que tome as medidas que considere oportunas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Marcos Arias Acuña, Oscar Rubiños López, Radiocomunicación, 1a, Andavira Editora, 2011,
 José María Hernando Rábanos, Transmisión por Radio, 6a, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2008,
 John Griffiths, Radio Wave Propagation and Antennas. An Introduction, 1st, Prentice Hall, 1985,

Bibliografía Complementaria

Robert R. Collin, Antennas and Radiowave Propagation, 1st, Mc Graw Hill, 1985,
 Constantine A. Balanis, Antenna Theory. Analysis and Design, 3rd, Wiley, 2005,
 ITU-R, Recommendations,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Cargas útiles basadas en sensores activos/O07M174V01202

DATOS IDENTIFICATIVOS**Sensores embarcados**

Materia	Sensores embarcados			
Código	O07M174V01104			
Titulación	Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	González Jorge, Higinio			
Profesorado	González Jorge, Higinio Lorenzo Cimadevila, Henrique			
Correo-e	higiniog@uvigo.es			
Web	http://aero.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia que amosa os principais sensores que integran un sistema aéreo non tripulado, centrándose principalmente nos relativos o sistema de navegación. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse a complexidade de formular xuízos a partir dunha información, que sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas a aplicación dos seus coñecementos e xuízos	• saber
CB4	Que os estudantes sepan comunicar as súas conclusións - e os coñecementos e razóns últimas que os sustentan - a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sin ambigüidades	• saber
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido e autónomo	• saber
CG3	Que os estudantes adquiren as capacidades para analizar as necesidades dunha empresa no ámbito dos sistemas aéreos non tripulados e determinar a mellor solución tecnolóxica para a mesma	• saber
CG4	Que os estudantes adquiren o coñecemento para desenvolver sistemas aéreos non tripulados ou planificar operacións específicas, dependendo das necesidades existentes e aplicar as ferramentas tecnolóxicas existentes	• saber
CG5	Que os estudantes coñezan e sexan capaces de aplicar os principios e metodoloxías de investigación como son as búsquedas bibliográficas, a toma de datos e análise e interpretación dos mesmos, así como a presentación de conclusións, de forma clara, concisa e rigurosa	• saber
CT6	Capacidade de traballo en equipo	• saber
CT7	Capacidade de organización e planificación	• saber
CT8	Capacidade de análise e síntese	• saber
CT9	Capacidade de razoamento crítico e creatividade	• saber

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer os diferentes sistemas inerciales existentes e a algorítmica utilizada para a xeración de traxectorias.	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9

Aprender a integrar os resultados de sistemas GNSS e sistemas inerciales.	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9
Coñecer os sistemas barométricos empregados en UAS.	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9
Entender o funcionamento de un sistema LiDAR, os datos que prové (nubes de puntos) e as posibilidades que ofrece para navegación en interiores con algoritmos tipo SLAM.	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9
Coñecer o funcionamento de sistemas baseados en tubo de pitot e ultrasónidos.	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9
Entender o funcionamento de os sistemas baseados en imaxe, así como a xeración de contornas tridimensionales baseados en imaxe esteoroscópica e a algorítmica básica de procesamento de imaxe.	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9

Contidos

Tema

Sistemas inerciais (acelerómetros, xiróscopos e magnetómetros)

Navegación. Filtro complementario.

Navegación. Filtro de Kalman.

Sistemas barométricos, sistemas baseados en tubo de pitot e sistemas de ultrasóns.

Sistemas LiDAR

Procesamento básico de datos LiDAR. Navegación indoor e SLAM.

Sistemas baseados en imaxe.

Procesamento de imaxe I.

Procesamento de imaxe II.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	0	10
Prácticas autónomas a través de TIC	22	22	44
Traballo tutelado	7	63	70
Informe de prácticas	0	10	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	13	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación dos contidos empregando medios audiovisuais. Os contidos subiranse aa plataforma de teledocencia.
Prácticas autónomas a través de TIC	Realízanse prácticas empregando ordenadores nos que os alumnos terán que programar procedementos para a adquisición de datos de sensores ou realizar operacións de acondicionamento de sinal.
Traballo tutelado	Plantexaranse pequenos proxectos que os alumnos deberán implementar.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tutorías presenciais. Atención por correo electrónico.
Prácticas autónomas a través de TIC	Tutorías presenciais. Atención por correo electrónico.
Traballo tutelado	Tutorías presenciais. Atención por correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas autónomas a través de TIC	O alumno terá que entregar informes por cada unha das prácticas realizadas.	60	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9
Traballo tutelado	O alumno terá que entregar problemas resoltos plantexados polo profesor.	40	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos para aprobar deben entregar todos os informes de prácticas e problemas. Todos deben alcanzar de forma individual unha nota mínima dun 5.

Na avaliación de Xullo os alumnos deben entregar todos aqueles informes de prácticas e problemas que non alcanzasen de forma individual unha nota mínima dun 5.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Eduardo Huerta, Aldo Mangiaterra, Gustavo Noguera, GPS - Posicionamiento satelital, UNR Editora, 2005, https://www.fceia.unr.edu.ar/gps/GGSR/libro_gps.pdf

Oliver J. Woodman, An introduction to inertial navigation, Uniersity of Cambridge, 2007, <https://www.cl.cam.ac.uk/techreports/UCAM-CL-TR-696.pdf>

José Bosch, Manuel Carmona, Instrumentación electrónica avanzada, Departament d'Electronica, Universitat de Barcelon, 2012, <http://diposit.ub.edu/dspace/bitstream/2445/34483/1/Instrumentaci%c3%b3n%20Electr%c3%b3nica%20Avanzada-Instrumentaci%c3%b3n%20Inteligente.pdf>

Omar Bustillos Ponte, Instrumentación industrial, Escuela de Ingeniería y Ciencias Aplicadas, Univer, 2001, <https://informatica.uv.es/iiguia/INS/material/InstrumentacionULPGC/TodoCompleto.pdf>

Fabian Inostroza, Filtros, 2015, http://www2.udec.cl/~fabianinostroza/filtro_comp.pdf

Greg Welch, Gary Bishop, An introduction to the Kalman filter, Department of Computer Science, University of Nort, 2006, https://www.cs.unc.edu/~welch/media/pdf/kalman_intro.pdf

Lindsay Kleeman, Understanding and applying Kalman filtering, Department of Electrical and Computer Systems Eng., http://biorobotics.ri.cmu.edu/papers/sbp_papers/integrated3/kleeman_kalman_basics.pdf

James Hays, Introduction to computer vision, <https://cs.brown.edu/courses/cs143/lectures/01.pdf>

Jan Erik Solem, Programming Computer Vision with Python, http://programmingcomputervision.com/downloads/ProgrammingComputerVision_CCdraft.pdf

Jamie Carter et al., An introduction to LiDAR technology, data and applications, National Oceanic and Atmospheric Administration, <https://coast.noaa.gov/data/digitalcoast/pdf/lidar-101.pdf>

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Sistemas de control/O07M174V01105

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Fundamentos de sistemas aéreos non tripulados/O07M174V01101

Operacións de sistemas aéreos non tripulados/O07M174V01102

Sistemas de comunicacións e navegación por radio/O07M174V01103

DATOS IDENTIFICATIVOS**Sistemas de control**

Materia	Sistemas de control			
Código	O07M174V01105			
Titulación	Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	García Rivera, Matías			
Profesorado	García Rivera, Matías			
Correo-e	mgrivera@uvigo.es			
Web	http://aero.uvigo.es			
Descrición xeral	Adquirir coñecementos sobre vehículos aéreos non tripulados: xeometría, mecánica, hardware, control e navegación. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse a complexidade de formular xuízos a partir dunha información, que sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas a aplicación dos seus coñecementos e xuízos	• saber
CB4	Que os estudantes sepan comunicar as súas conclusións - e os coñecementos e razóns últimas que os sustentan - a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sin ambigüidades	• saber
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que habrá de ser en gran medida autodirixido e autónomo	• saber
CG3	Que os estudantes adquiren as capacidades para analizar as necesidades dunha empresa no ámbito dos sistemas aéreos non tripulados e determinar a mellor solución tecnolóxica para a mesma	• saber
CG4	Que os estudantes adquiren o coñecemento para desenvolver sistemas aéreos non tripulados ou planificar operacións específicas, dependendo das necesidades existentes e aplicar as ferramentas tecnolóxicas existentes	• saber
CG5	Que os estudantes coñezan e sexan capaces de aplicar os principios e metodoloxías de investigación como son as búsquedas bibliográficas, a toma de datos e análise e interpretación dos mesmos, así como a presentación de conclusións, de forma clara, concisa e rigurosa	• saber
CT6	Capacidade de traballo en equipo	• saber
CT7	Capacidade de organización e planificación	• saber
CT8	Capacidade de análise e síntese	• saber
CT9	Capacidade de razoamento crítico e creatividade	• saber

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
RA01: Adquirir coñecementos sobre robots aéreos non tripulados, as súas compoñentes clave, estimación de estados, mecánica básica, consideracións de deseño, axilidade e maniobrabilidade.	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CT8 CT9
RA02: Coñecer as consideracións xeométricas e mecánicas dos robots aéreos non tripulados, transformacións, rotacións, ángulos de Euler, aplicabilidade dos cuaterniones, velocidade angular, ecuacións de movemento dun multi-rotor, linearización.	CB3 CB4 CB5 CG4

RA03: Comprender as bases do sistema de control e navegación, controis PID, control en 1D, 2D e 3D de multirrotores, xeración de traxectorias, ecuaciones de Euler-Lagrange e Splines.	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4
RA04: Entender o funcionamento dos sistemas múltiples de control.	CB3 CB4 CB5 CG4 CT6 CT7
RA05: Coñecer os dispositivos sense & avoid.	CB3 CB4 CB5 CG4 CG5
RA06: Entender os fundamentos de sistemas embebidos en tempo real.	CB3 CB4 CB5 CG4 CT6 CT7
RA07: Coñecer os diferentes controladores open hardware existentes e o seu funcionamento.	CB3 CB4 CB5 CG4 CG5 CT6 CT7

Contidos

Tema	
Introdución a os robots aéreos non tripulados.	Multi-rotores.
Compoñentes clave de o voo autónomo.	Estimación de estados. Mecánica básica. Consideracións de deseño. Axilidade e maniobrabilidade. Selección de compoñentes.
Xeometría e mecánica.	Transformacións. Rotaciónes. Ángulos de Euler. Cuaterniones. Velocidade angular. Ecuacións de Newton-Euler. Eixes principais e momentos principais de inercia. Ecuacións de movemento de un multi-rotor. Linearización.
Control e navegación.	Control PID. Control 1D, 2D e 3D de multirrotores. Traxectorias. Ecuacións de Euler-Lagrange. Splines.
Control de sistemas múltiples.	
Dispositivos sense & avoid.	
Fundamentos de sistemas embebidos en tempo real.	
Controladores open hardware.	

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	0	10
Prácticas autónomas a través de TIC	12.5	12.5	25
Resolución de problemas	12.5	12.5	25
Seminario	3	0	3
Traballo tutelado	8	72	80
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	5	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia.
Prácticas autónomas a través de TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentales relacionadas coa materia. Desenvólvense a través das TIC de xeito autónomo.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións. U obxectivo é que o alumnado aplique os contidos teóricos na resolución de pequenos problemas de programación.
Seminario	Actividade de orientación ós alumnos.
Traballo tutelado	O/A estudante, de xeito individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Tutorías no despacho do profesor ou profesora. É recomendable acudir a estas tutorías cando aparezan dificultades no desenvolvemento do traballo tutelado, ou cando o tempo dedicado ás actividades non presenciais supere notablemente o tempo fixado na planificación.
Prácticas autónomas a través de TIC	Tutorías no despacho do profesor ou profesora. É recomendable acudir a estas tutorías cando aparezan dificultades no desenvolvemento das prácticas autónomas a través de TIC, ou cando o tempo dedicado ás actividades non presenciais supere notablemente o tempo fixado na planificación.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	1 entrega de traballo tutelado, a ponderación de esta entrega será do 20%.	20	CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG5 CT6 CT7 CT8 CT9
Prácticas autónomas a través de TIC	2 entregas de prácticas autónomas a través de TIC, a ponderación de cada entrega será do 15%.	30	CT8 CT9
Resolución de problemas e/ou exercicios	2 probas sobre os contidos e competencias impartidos nas leccións magistrales e as prácticas autónomas a través de TIC. Estas probas serán de resposta curta, a ponderación de cada proba será do 25%, distribuídas durante o período de actividade presencial.	50	CG3 CG4 CT8 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES EN 1ª EDICIÓN DE ACTAS: AVALIACIÓN CONTINUA.

Para os alumnos asistentes na 1ª edición de actas (avaliación continua) realizaranse as seguintes probas e entregas:

- 1 entrega de traballo tutelado, a ponderación de esta entrega será do 20%;
- 2 entregas de prácticas autónomas a través de TIC, a ponderación de cada entrega será do 15%;
- 2 probas sobre os contidos e competencias impartidos nas leccións magistrales e as prácticas autónomas a través de TIC. Estas probas serán de resposta curta, a ponderación de cada proba será do 25%, distribuídas durante o período de actividade presencial.

Para superar a asignatura é obrigatorio que o alumno realice todas as entregas e todas as probas, e que en cada entrega e

proba obteña unha nota igual ou superior a 4.0.

No caso de non realizar algunha entrega ou proba, ou obter en algunha entrega ou proba unha nota inferior a 4.0, si a puntuación global fose superior a 5, a cualificación final en actas será 4.9, suspenso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA NON ASISTENTES EN 1ª EDICIÓN DE ACTAS

Para os alumnos non asistentes na 1ª edición de actas realizaranse as seguintes probas e entregas:

